



Estatística de protección de menores 2022

Operación estadística 2506-02-OE06



XUNTA
DE GALICIA

Estatística de protección de menores 2022

Operación estadística 2506-02-OE06

XUNTA
DE GALICIA

Estatística de protección de menores. Operación estadística 2506-02-OE06. 2022.

Elabora:


Consellería de Política Social e Xuventude, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, Servizo de Protección de Menores.

Edita:

Consellería de Política Social e Xuventude, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Santiago de Compostela, 2023.

<https://libraria.xunta.gal>



ISSN: 1889-8025

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES



Introducción	5
Normativa	6
Unidades estadísticas	8
1 Menores tutelados	8
2 Menores en situación de garda	10
3 Acollemento e menores acollidos	12
3.1 Acollemento familiar	13
3.2 Acollemento residencial	15
4 Adopción e menores adoptados	18
4.1 Adopción nacional	19
4.2 Adopción internacional	20
5 Programas de apoio e beneficiarios	22
5.1 Atención de día	23
5.2 Programa de integración familiar (PIF)	25
5.3 Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo	26
5.4 Programa de intervención ambulatoria con adolescentes que teñan aberto expediente de protección e en conflito social	27
5.5 Programa de inserción sociolaboral de menores (Mentor)	27
6 Nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (NNAMNA)	28
7 Liña de axuda á infancia	30



Introdución

A Consellería de Política Social e Xuventude, de acordo co artigo 1 do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, asume, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais, incluídas as áreas de familia, menores e benestar social. En concreto, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, leva a cabo as funcións de planificación, xestión, coordinación, seguimento, avaliación e control dos programas, servizos e centros relativos á protección da familia, á atención dos/das menores en situación de risco ou desamparo, en aplicación do previsto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

O órgano responsable da xestión destas materias é a Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, así como as xefaturas territoriais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Unha síntese cuantitativa anual da progresión e resultados no desenvolvemento destas competencias é a estatística de protección de menores, que recolle os datos principais referidos aos expedientes de menores que están baixo a acción protectora da Xunta de Galicia que poden resultar de interese. Os datos refírense a tutelas, gardas, acollemento familiar e residencial, adopción nacional e internacional, nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados e varios programas destacados de atención a familias e a menores en situación de risco ou desamparo.

A edición deste ano, cos datos correspondentes a 2022 responde á estrutura e contido descritos na operación estatística 2506-02-OE06 Estatística de protección de menores do Instituto Galego de Estatística.



Normativa

A continuación cítanse as normas de diferente rango aplicables a menores e familias nos ámbitos internacional, nacional e autonómico.

Normativa internacional:


- Convención sobre os Dereitos do Neno adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, e ratificada por Instrumento do 30 de novembro de 1990 (BOE nº 313, do 31.12.1990).
- Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional. A Haia, 29 de maio de 1993. Ratificado por Instrumento de 30 de xuño de 1995 (BOE nº 182, do 1.08.1995).
- Convenio Europeo en materia de adopción de menores (revisado). Estrasburgo, 27 de novembro de 2008. Ratificado por instrumento do 16 de xullo de 2010.

Normativa estatal:

- Código Civil do 29 de xullo de 1889 (Art. do 109 ao 111, do 160 ao 180, 201, 215, 216, do 222 ao 233, 239, 242 e do 259 ata o 285).
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil. (BOE núm. 15 do 17.01.1996).
- Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (BOE nº 134, do 05.06.2021).
- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. (BOE nº 175, do 23 de xullo de 2015)
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. (BOE nº 180, do 29 de xullo de 2015)
- Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (arts. 35 e 36). (BOE nº 10, do 12 de xaneiro de 2000). Modificada por Lei Orgánica 2/2009, do 11 de decembro (BOE nº 299, do 12 de decembro de 2009)
- Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, trala súa reforma por Lei Orgánica 2/2009. (BOE nº 103 do 30 de abril de 2011).
- Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional (BOE nº 312, do 29 de decembro)

Normativa autonómica:

- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG nº 134 do 13 de xullo de 2011).
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (DOG nº 124, do 29.06.2006). Modificada por Lei 3/2011, do 30 de xuño.
- Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG nº 45, do 06.03.2000). Modificado por Decreto 406/2003, do 29 de outubro (DOG nº 222, do 14.11.2003) e polo Decreto 184/2008, do 24 de xullo, polo que se crea o Observatorio Galego da Infancia (DOG nº 169 do 02.09.2008). Título III derrogado pola Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG nº 156, do 16.08.2005).
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia (DOG nº 14, do 20.01.2012).
- Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude (DOG nº 130, do 08 de xullo de 2022).



1 Menores tutelados

Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude, asumir a tutela dos menores desamparados que residan ou se atopen transitoriamente na Comunidade Autónoma de Galicia. A asunción da tutela atribuída á entidade pública leva consigo a suspensión da patria potestade. Así mesmo, leva implícita a garda da persoa menor por parte da entidade pública.


Enténdese por desamparo a situación que se produce de feito por mor do incumprimento ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda das persoas menores, cando estas queden privadas da necesaria asistencia.

Consideraranse situacións de desamparo:

- a) O abandono da persoa menor de idade.
- b) A existencia de malos tratos físicos ou psíquicos ou de abusos sexuais por parte das persoas da unidade familiar ou de terceiras persoas con consentimento daquelas.
- c) A negligencia grave no cumprimento das obrigas alimentarias, hixiénicas ou de saúde, sempre que supoña un prexuízo grave para a integridade do neno ou a nena ou do/da adolescente.
- d) A indución do neno, nena ou adolescente á mendicidade, á delincuencia, á prostitución ou a calquera outra forma de explotación económica ou sexual do menor, ou permisividade respecto destas condutas.
- e) As condutas aditivas da persoa menor de idade co consentimento ou a tolerancia das persoas que exerzan a súa garda.
- f) O trastorno mental grave dos pais, nais, titores/as ou gardadores/as que impida o normal exercicio da patria potestade, da tutela ou da garda.
- g) As condutas aditivas nas persoas que integran a unidade familiar e, en especial, das que posúen a patria potestade ou a tutela, sempre que menoscaben gravemente o desenvolvemento e o benestar da persoa menor.
- h) A convivencia nun contorno sociofamiliar que deteriore gravemente a integridade moral do neno, nena ou adolescente ou prexudique o desenvolvemento da súa personalidade.
- i) A falta de persoas ás cales lles corresponde exercer as funcións de garda ou cando estas persoas estean imposibilitadas para exercelas ou en situación de exercelas con perigo grave para o neno, nena ou adolescente.
- j) A falta de escolarización habitual do neno, nena ou adolescente co consentimento ou a tolerancia dos pais, nais ou das persoas que exerzan a garda, sempre que menoscabe o desenvolvemento e o benestar da ou do menor, ou sempre que supoña un prexuízo grave do neno, nena ou adolescente.
- k) Calquera outra situación de desprotección que se produza de feito a causa do incumprimento ou dun imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda das persoas menores de idade cando estas queden privadas da necesaria asistencia moral ou material.

Táboa nº 1. Menores en situación de tutela pola Xunta de Galicia. Galicia e provincias. Ano 2022.

Menores en situación de tutela 2022			
	Nenos	Nenas	Total
A Coruña	368	372	740
Lugo	112	91	203
Ourense	102	93	195
Pontevedra	315	331	646
Galicia	897	887	1.784



2 Menores en situación de guarda

Á entidade pública de protección de menores correspóndelle a garda das persoas menores das que teña asumida a tutela.

Ademais, cando os pais, nais, ou titores, por circunstancias graves, cumpridamente avaliadas, non poidan coidar o ou a menor, poden solicitar da Xunta de Galicia que esta asuma a súa garda durante o tempo necesario.

Así mesmo, a Xunta de Galicia asumirá a garda cando así o acorde o xuíz.

Nesta unidade estatística só se reflicten as dúas últimas (garda rogada e xudicial) xa que a primeira se entende incluída dentro da unidade “menores en situación de tutela”.


A garda asumida pola Administración, sexa como función inherente á tutela, a petición dos pais ou por resolución xudicial, exercece mediante o acollemento familiar e o acollemento residencial.

Táboa nº 2.1 Menores en situación de garda. Galicia e provincias. Ano 2022.

Menores en situación de garda . Galicia e provincias 2022			
	Nenos	Nenas	Total
A Coruña	135	113	248
Lugo	26	23	49
Ourense	36	35	71
Pontevedra	61	59	120
Galicia	258	230	488

Táboa nº 2.2 Menores segundo o tipo de garda. Galicia. Ano 2022.

Menores segundo o tipo de garda. Ano 2022			
	Nenos	Nenas	Total
Administrativa	209	190	399
Xudicial	3	2	5
Provisional	46	38	84
Total gardas	258	230	488



3 Acollemento e menores acollidos

O acollemento é o modo de exercicio da garda como medida de protección da persoa menor, e consiste na integración do neno ou nena nunha familia acolledora (acollemento familiar) ou no seu aloxamento e atención nun centro axeitado (acollemento residencial). A familia ou persoa acolledora ten a obriga de velar polo neno ou nena, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral.

Os principios de actuación no acollemento son:

- a) Darlle prioridade ao acollemento familiar sobre o residencial.
- b) Evitar, na medida do posible, a separación de irmáns e procurar o seu acollemento por unha mesma familia ou nun mesmo centro.
- c) Favorecer a permanencia do neno, nena ou adolescente no seu propio ambiente, procurando que o acollemento se produza na familia extensa agás que non sexa aconsellable para o interese da persoa menor acollida ou dos menores do grupo familiar acolledor.
- d) Fomentar as relacións entre o neno, nena ou adolescente e a súa familia natural para posibilitar a súa reintegración.
- e) Manter a medida polo tempo estritamente necesario.
- f) Fomentar a integración do neno, nena ou adolescente no contorno social e a asistencia aos sistemas educativos, sanitarios e laborais.
- g) Co obxecto de facilitar a integración do menor nunha unidade familiar poderase compatibilizar a utilización do acollemento residencial e o familiar.

Nesta unidade estatística non se recollen os acollementos preadoptivos, que son os constituídos como paso previo á adopción e mediante os que ten lugar un período de convivencia entre o ou a menor e a familia asignada co obxectivo de valorar o acoplamento entre ambas as dúas partes.

Existen dous tipos de acollemento: o acollemento familiar e o acollemento residencial.

3.1 Acollemento familiar

Mediante este tipo de acollemento outórgase a garda dunha persoa menor a unha persoa ou núcleo familiar coa obriga de coidala, alimentala, educala por un tempo co fin de integrala nunha vida familiar que substitúa ou complementa temporalmente á súa familia biolóxica.

O acollemento pode ter lugar na familia extensa do menor (isto é, cando existen vínculos de parentesco entre a familia acolledora e o/a neno/a ou adolescente: avós, tíos, irmáns...) ou ben en familias alleas (cando non existe parentesco). Sempre que sexa posible, e que as circunstancias propias do caso non o desaconsellen, considérase prioritario que o acollemento se faga na familia extensa, para favorecer a permanencia do menor ou da menor no seu propio ambiente.

Por outra banda, atendendo ás circunstancias da persoa acollida e da familia acolledora, esta pode percibir ou non unha compensación económica polo acollemento; falamos así de acollementos remunerados ou non remunerados.

Táboa nº 3.1.1 Acollemento familiar en Galicia. Ano 2022

Acollemento familiar Galicia 2022									
	Familia extensa			Familia allea			Total		
	Nenos	Nenas	Familias	Nenos	Nenas	Familias	Nenos	Nenas	Familias
A Coruña	229	243	451	78	74	147	307	317	598
Lugo	15	20	32	15	12	24	30	32	56
Ourense	43	35	71	29	34	48	72	69	119
Pontevedra	159	180	321	34	36	66	193	216	387
Galicia	446	478	875	156	156	285	602	634	1.160

Táboa nº 3.1.2 Acollemento familiar segundo a situación administrativa dos menores. Galicia e provincias. Ano 2022

Acollemento familiar segundo a situación administrativa dos menores. Galicia e provincias. 2022					
		Tutelas	Outros	Total	Total nenos e nenas
A Coruña	Nenos	262	45	307	624
	Nenas	277	40	317	
Lugo	Nenos	30	0	30	62
	Nenas	31	1	32	
Ourense	Nenos	71	1	72	141
	Nenas	68	1	69	
Pontevedra	Nenos	179	14	193	409
	Nenas	211	5	216	
Galicia	Nenos	542	60	602	1.236
	Nenas	587	47	634	
		1.129	107	1.236	

3.2 Acollemento residencial

O acollemento residencial comporta o ingreso dun/dunha menor nun centro residencial xestionado directamente pola Comunidade autónoma ou indirectamente a través dunha institución pública ou privada colaboradora, co obxecto de recibir a atención, educación e formación axeitadas que, polo menos temporalmente, non poida proporcionarlle a súa propia familia.

Ten carácter subsidiario do acollemento familiar e das demais medidas de protección. Isto significa que só se poderá aplicar esta medida cando se esgoten todas as posibilidades de mantemento da ou do menor na súa familia e o acollemento familiar, a tutela ordinaria ou a adopción non sexan posibles ou se consideren non apropiados.

Esta medida manterase polo tempo estritamente necesario, procurándose a integración da ou do menor no contorno social e o acceso aos sistemas ordinarios educativos, sanitarios, laborais e outros.

Os centros residenciais son de diferentes tipos segundo as súas características. Achégase a continuación unha breve descrición de cada un deles.

- Centros con fogares: son equipamentos residenciais distribuídos en unidades de convivencia dun máximo de 10 prazas en cada unha.
- Mini residencias: Instaladas en vivendas normalizadas, cunha capacidade máxima de 15 prazas.
- Casas de familia: situadas en vivendas normalizadas (pisos ou vivendas unifamiliares), integradas na comunidade e cunha capacidade máxima de 8 prazas.
- Vivendas tuteladas: espazos normalizados, para menores próximos a cumprir a maioría de idade. Teñen unha capacidade máxima de 8 prazas.
- Vivendas de transición á vida autónoma, ou vivendas asistidas, para mozos e mozas maiores de idade (extutelados), que necesitan apoio para acadar a súa autonomía definitiva. Funcionan en réxime de autoxestión baixo a supervisión técnica externa dun educador.

Atendendo á súa xestión, os centros poden ser:

- Propios ou xestionados directamente pola Xunta de Galicia a través de persoal propio.
- Colaboradores ou xestionados por unha entidade prestadora de servizos sociais.

A partir destas dúas características, as táboas que seguen representan, respectivamente, os recursos dispoñibles en cada provincia e en Galicia, o número de prazas en cada un deles e, por último, a distribución dos/as menores en acollemento residencial a partir das dúas primeiras características. Dado que se produciron variacións ao longo do ano, as táboas 3.2.1 e 3.2.2 reflicten a situación a 31 de decembro de 2022.

Táboa nº 3.2.1 Número de centros residenciais para a protección de menores segundo a súa tipoloxía e a titularidade da xestión. Galicia e provincias. Ano 2022


Nº de centros residenciais para a protección de menores segundo tipoloxía e titularidade da xestión. Galicia e provincias Ano 2022									
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Concertada
Centro con fogares	2	3	1	0	1	1	0	3	4
Casas de familia	0	5	0	4	0	4	0	13	26
Vivenda tutelada	0	2	0	1	0	1	0	2	6
Mini residencia	0	4	0	7	0	1	0	4	16
Vivenda asistida	0	0	0	0	0	1	0	1	2
C. 1ª Acollida	0	0	0	0	0	0	0	1	1
Total centros	2	14	1	12	1	8	0	24	58
Públicos e concertados	16		13		9		24		62

Táboa nº 3.2.2 Número de prazas residenciais para a protección de menores segundo a súa tipoloxía e a titularidade da xestión. Galicia e provincias. Ano 2022

Nº de prazas residenciais para a protección de menores segundo tipoloxía e titularidade da xestión. Galicia e provincias Ano 2022									
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Concertada
Centro con fogares	69	75	32	0	66	34	0	133	242
Casas de familia	0	40	0	32	0	32	0	102	206
Vivenda tutelada	0	16	0	8	0	8	0	16	48
Mini residencia	0	46	0	85	0	10	0	55	196
Vivenda asistida	0	0	0	0	0	4	0	4	8
C. 1ª Acollida	0	0	0	0	0	0	0	10	10
Total prazas	69	177	32	125	66	88	0	320	710
Públicas e concertadas	246		157		154		320		877

Táboa nº 3.2.3 Menores acollidos en centros segundo a titularidade da xestión. Galicia e provincias. Ano 2022

Menores acollidos en centros segundo a titularidade da xestión. Galicia e provincias. Ano 2022									
Titularidade	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia
	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos nenas
Centros xestión directa	45	22	0	0	28	12	4	2	77 36
Centros concertados	109	110	60	61	26	27	134	138	329 336
Total provincia/sexo	154	132	60	61	54	39	138	140	406 372
Total menores	286		121		93		278		778



4 Adopción e menores adoptados

O artigo 73 (Adopción como medida de protección) da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, expresa, no apartado 1, que *a adopción é unha medida de protección dirixida á persoa menor de idade en situación de desamparo, consistente na integración definitiva desta nunha familia distinta á súa familia de orixe.*

A adopción diferénciase segundo sexa nacional ou internacional.

4.1 Adopción nacional

constitúe o acto xurídico mediante o que se establece unha relación xurídica de filiación entre a persoa ou persoas adoptantes e o menor ou a menor, extinguíndose así os vínculos deste/desta coa súa familia de orixe, e integrándose plenamente no seu novo núcleo familiar cunha equiparación plena de dereitos coa familia biolóxica.

Segundo as lexislacións española e galega, con independencia do seu estado civil, calquera individuo, matrimonio ou parella de feito pode solicitar unha adopción nacional.

Ademais é necesario cumprir os seguintes requisitos:

- Ter como mínimo 25 anos cumpridos; no caso de solicitude conxunta por cónxuxes ou parellas con relación estable análoga á conxugal, bastará con que un deles teña esta idade. En todo caso, o adoptante deberá ter, polo menos, catorce anos máis que o adoptado.
- Ter residencia habitual na Comunidade Autónoma galega ou ser emigrante galego con previsión de retorno; neste caso, deberase xustificar a residencia efectiva na Comunidade Autónoma no prazo máximo dun ano desde a data de presentación da solicitude.
- Ter plena capacidade xurídica e de obrar.
- Estar declarada persoa idónea para a adopción tras o correspondente procedemento de valoración.

Na nosa Comunidade Autónoma, os menores e as menores susceptibles de seren adoptados son tutelados pola Xunta de Galicia, quen se encarga de propoñer a adopción ao xuíz.

As persoas que desexan adoptar deben participar nun proceso que, en síntese, consta das seguintes fases:

- Participación nunha sesión informativa.
- Asistencia a un curso de formación.
- Presentación de solicitude de adopción na xefatura territorial de referencia da Consellería de Política Social e Xuventude, acompañada da documentación esixida.
- Valoración da idoneidade, que consiste nun estudo psicolóxico e social da/s persoa/s que se ofrecen para adoptar, para determinar as súas capacidades parentais como adoptante/s.
- Selección da familia máis axeitada para o/a neno/a que vai ser adoptado/a. Esta selección é diferente segundo se refira a nenos/as menores dun ano de idade ou nenos/as de idade superior, grupos de irmáns ou menores con algunha discapacidade, enfermidade ou característica especial.
- Constitución dunha garda con fins adoptivos ou de adopción.
- Proposta de adopción, formulada ante o xulgado pola xefatura territorial da Consellería.
- Formalización da adopción mediante resolución xudicial.

Táboa nº 4.1.1 Adopción nacional. Número de solicitudes para adoptar segundo o estado de trámite da solicitude. Galicia e provincias. Ano 2022.

Adopción nacional. Número de solicitudes para adoptar segundo o estado de trámite da solicitude. Galicia e provincias. Ano 2022					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Solicitudes abertas	71	12	14	25	122
Resolucións de garda con fins de adopción	13	1	7	9	30
Propostas de adopción realizadas	14	1	7	9	31
Autos de adopción producidos	6	10	5	2	23

Táboa nº 4.1.2 Menores acabados de nacer dados en adopción. Galicia e provincias. Ano 2022.

Menores acabados de nacer dados en adopción. Galicia e provincias. Ano 2022					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nenos	3	0	1	3	7
Nenas	2	0	0	0	2
Total menores	5	0	1	3	9

4.2 Adopción internacional

A adopción internacional ten lugar cando se produce un traslado dun/dunha menor con fins adoptivos dende o seu estado de orixe, onde reside, cara a outro estado no que residen os pais adoptivos. Na adopción dun/dunha menor de orixe estranxeira intervéñen, ademais da lexislación española, a do país de orixe do neno ou nena. Daquela, tanto no que se refire ás persoas adoptantes como ás adoptadas, hai que ter en conta as condicións que estableza a lexislación dos países de orixe destas últimas.

Para as familias solicitantes de adopción o proceso é semellante ao de adopción nacional en canto ás fases de información, formación, solicitude e valoración de idoneidade, pero moi diferente nas fases posteriores. Así:

- **Tramitación da solicitude.** Obtido xa o certificado de idoneidade, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica fai chegar o expediente ao país onde se desexa adoptar, e segundo do país que se trate, as canles serán:
 - Directamente pola propia Dirección Xeral, a través do ministerio competente en materia de infancia. A familia deberá enviar toda a documentación que esixa o país de orixe, xunto co certificado de idoneidade.
 - A través de organismos acreditados para a adopción internacional (OAAI), dedicadas a colaborar coas administracións públicas e cos solicitantes no proceso de adopción internacional.
- **Asignación.** Cada Estado dispón do seu propio procedemento unha vez recibido o expediente de adopción de familia estranxeira. Cando o órgano competente do país decide unha asignación para unha determinada familia, esta é informada a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para que comunique a súa aceptación do/a menor asignado/a.
- **Constitución da adopción.** Unha vez comunicada a conformidade coa asignación, o país de orixe continúa a tramitación do expediente ata constituír e formalizar definitivamente a adopción.

Táboa nº 4.2.1 Solicitudes presentadas para adopción internacional. Galicia e provincias. Ano 2022.


Solicitudes presentadas para adopción internacional. Galicia e provincias 2022				
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
36	6	2	17	61

Táboa nº 4.2.2 Expedientes tramitados pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica por país. Galicia e provincias. Ano 2022

Adopción internacional. Expedientes tramitados pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por país. Galicia e provincias. Ano 2022					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Aci Galicia (Asociación para el Cuidado de la Infancia)					
Ecuador				1	1
Vietnam	1				1
Adecop Galicia (entidade colaboradora de adopción internacional)					
Vietnam	1		1		2
Mimo Galicia					
Hungría	1	1	1		3
IPI - Cataluña					
Bolivia	1				1
NIÑOS SIN FRONTERAS					
India				1	1
Total expedientes	4	1	2	2	9

Táboa nº 4.2.3 Menores con preasignación a familia comunicada á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica por país de orixe. Galicia provincias. Ano 2022

Adopción internacional. Preasignacións comunicadas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica por país de orixe. Galicia e provincias. Ano 2022					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Bulgaria	1				1
Hungría	5	2		2	9
Vietnam	5	1	1		7
Total menores	11	3	1	2	17



5 Programas de apoio e beneficiarios

Un dos principios reitores que deben rexer as actuacións dos poderes públicos na protección da infancia e da adolescencia é a integración sociofamiliar dos nenos, nenas e adolescentes, garantindo, sempre que sexa posible, a permanencia no seu ambiente familiar e contorno comunitario.

Para conseguilo, ademais de adoptar, se procede, as medidas de tutela ou garda, os servizos especializados de protección da infancia da Consellería de Política Social e Xuventude, desenvolven os seguintes programas de apoio ás persoas menores e ás súas familias:

5.1 Atención de día

Mediante o programa de atención de día préstaselles aos e ás menores en situación de risco, desamparo ou conflito social un servizo de apoio socioeducativo e familiar, co obxecto de favorecer o seu proceso de normalización. O programa de atención de día desenvólvese en equipamentos de uso exclusivo para esta finalidade ou ben en unidades específicas existentes en equipamentos de acollemento residencial. Os centros están xestionados pola Administración pública ou concertados con entidades colaboradoras.

Táboa nº 5.1.1. Nº de centros con atención de día segundo a súa tipoloxía e titularidade da xestión. Galicia e provincias. Ano 2022

Nº de centros con atención de día segundo a tipoloxía e titularidade da xestión. Galicia e provincias. Ano 2022										
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada
Centro con fogares	2	3	0	0	1	0	0	4	3	7
Casas de familia	0	3	0	0	0	0	0	7	0	10
Mini residencia	0	4	0	6	0	1	0	1	0	12
Centro de día integral	0	2	0	3	0	3	0	5	0	13
Total centros	2	12	0	9	1	4	0	17	3	42
Públicos e concertados	14		9		5		17		45	

Táboa nº 5.1.2 Número de prazas de atención de día segundo a tipoloxía e titularidade da xestión do centro. Galicia e provincias. Ano 2022

Nº de prazas de atención de día segundo a tipoloxía e titularidade da xestión do centro. Galicia e provincias. Ano 2022										
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada	Pública	Concertada
Centro con fogares	20	19	0	0	20	0	0	50	40	69
Casas de familia	0	10	0	0	0	0	0	19	0	29
Mini residencia	0	17	0	22	0	4	0	11	0	54
Centro de día integral	0	31	0	43	0	33	0	85	0	192
Total prazas	20	77	0	65	20	37	0	165	40	344
Públicos e concertados	97		65		57		165		384	

Táboa nº 5.1.3. Menores en atención de día segundo a titularidade de xestión do centro. Galicia e provincias. Ano 2022

Menores en atención de día segundo a titularidade da xestión do centro. Galicia e provincias. Ano 2022										
Tipoloxía	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas
Centros propios	10	7	0	0	6	3	1	0	17	10
Centros concertados	41	31	39	22	17	22	77	50	174	125
Total nenos/nenas	51	38	39	22	23	25	78	50	191	135
Total menores	89		61		48		128		326	

5.2 Programa de integración familiar (PIF) 2022

Este programa, mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial nos núcleos familiares, ten un tripló obxectivo:

- Acadar a integración familiar dos nenos e nenas institucionalizados (reunificación familiar). O programa traballa para mellorar a situación persoal, social e familiar dos menores e das menores que tiveron que ser separados das súas familias e residen en centros de acollida. A intervención realízase no núcleo familiar e en coordinación cos responsables do ou da menor no centro.
- Evitar a separación familiar e o previsible internamento dos nenos/as (preservación familiar). Ante a detección de indicadores de risco, trátase de intervir reforzando a cohesión familiar así como potenciando os seus recursos, para promover cambios que eviten a separación do menor e da menor do seu contorno.
- Funcionalidade familiar: romper dinámicas de deterioración grave en familias que teñen contactos cos seus fillos e fillas, posibilitando que as familias acaden a funcionalidade mínima necesaria para constituír unha referencia positiva para os seus fillos e fillas.

Táboa nº 5.2.1 Menores atendidos no Programa de integración familiar segundo modalidade de intervención. Galicia e provincias. Ano 2022

Programa de integración familiar 2022. Galicia e provincias.										
Tipoloxía	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas
Reunificación familiar	7	8	16	11	7	3	20	30	50	52
Preservación familiar	18	24	36	21	14	9	19	7	87	61
Funcionalidade familiar	29	18	4	3	9	6	0	0	42	27
Total nenos/nenas	54	50	56	35	30	18	39	37	179	140
Total menores	104		91		48		76		319	

Táboa nº 5.2.2 Familias atendidas no Programa de integración familiar segundo modalidade de intervención. Galicia e provincias. Ano 2022

Programa de integración familiar 2022. Familias. Galicia e provincias.					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Reunificación familiar	9	20	8	37	74
Preservación familiar	27	30	12	16	85
Funcionalidade familiar	29	5	8	1	43
Total familias	65	55	28	54	202

5.3 Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo

Este programa de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Universidade da Coruña inclúe o deseño e aplicación do tratamento terapéutico aos menores derivados polos equipos técnicos de menores. Son beneficiarios os menores con expediente aberto no Servizo de Protección das catro provincias galegas que amosen desaxustes emocionais e de conduta severos, orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron. Poderán ser beneficiarios igualmente a familia biolóxica ou acollidora do menor e os profesionais que se ocupan del.

Táboa nº 5.3.1 Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo. Galicia e provincias. Ano 2022

Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo. Galicia e provincias. Ano 2020					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nenos	80	23	24	43	170
Nenas	97	35	20	60	212
Total menores	177	58	44	103	382

5.4 Programa de intervención ambulatoria con adolescentes que teñan aberto expediente de protección e en conflito social

Este programa ten por obxecto a asistencia individualizada e especializada nos eidos psicolóxico e socioeducativo dos menores que presentan perfís caracterizados por condutas disociais, comisión de delitos, consumo de drogas, fracaso, expulsión e/ou violencia escolar, pertenza a cuadrillas disociais, trastornos psicopatolóxicos, etc. O seu obxectivo é realizar un labor preventivo tratando de minimizar as condutas problemáticas, co fin de evitar o seu agravamento e reducir a probabilidade dunha intervención mais intensa. O programa desenvólvese na cidade de Vigo.

Táboa nº 5.4.1 Programa de intervención ambulatoria con adolescentes que teñan aberto expediente de protección e en conflito social. Ano 2022

Programa de intervención ambulatoria con adolescentes que teñan aberto expediente de protección e en conflito social. Ano 2022	
Nenos	67
Nenas	49
Total Menores	116

5.5 Programa de inserción sociolaboral de menores (Mentor)

O Programa Mentor pretende a inserción sociolaboral de mozos e mozas maiores de 16 anos, e menores de 21 (excepcionalmente, ata os 25), que estean ou teñan estado tutelados ou tuteladas ou en situación de garda pola Xunta de Galicia, e que queiran incorporarse ao mundo laboral. O seu obxectivo é mellorar a calidade de vida desta xente nova por medio dun proxecto individualizado que lles garanta unha inserción laboral e unha capacitación para a vida independente, de maneira que ao acadar a maioría de idade poidan ser plenamente autónomos.

Táboa nº 5.5.1 Programa de inserción sociolaboral de menores. Mentor. Galicia e provincias. Ano 2022

Programa de inserción sociolaboral de menores Mentor. Galicia e provincias. Ano 2022					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Mozos	109	57	105	136	407
Mozas	91	53	51	77	272
Total	200	110	156	213	679



**6 Niños, niñas e adolescentes migrantes
no acompañados (NNAMNA)**


Son menores de idade procedentes doutros países que se atopan en España en situación de desamparo por non estaren acompañados de ningún familiar.

Táboa nº 6.1. **Nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (NNAMNA).**
Galicia e provincias. Ano 2022

Nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados. Galicia e provincias. Ano 2022					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Nenos	60	22	29	23	134
Nenas	27	6	6	4	43
Total menores	87	28	35	27	177

Táboa nº 6.2. **Países de procedencia dos nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (NNAMNA). Galicia. Ano 2022**

Nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados , segundo procedencia e sexo. Galicia . Ano 2022			
País	Nenos	Nenas	Total
Alxeria	3	1	4
Arxentina	0	1	1
Brasil	4	4	8
China	2	0	2
Colombia	3	3	6
Costa de Marfil	2	3	5
Cuba	1	0	1
Gambia	2	0	2
Guinea Ecuatorial	3	3	6
Honduras	0	1	1
Malí	10	0	10
Marrocos	79	8	87
Mauritania	1	0	1
Nicaragua	1	0	1
Nixeria	1	0	1
Perú	2	0	2
Rep. Dominicana	10	5	15
Romanía	1	1	2
Senegal	6	1	7
Ucráina	3	3	6
Uruguai	0	2	2
Venezuela	5	2	7
Total NNAAMNA	139	38	177



7 Liña de axuda á infancia

A liña de axuda á infancia é unha liña gratuíta que funciona durante todo o ano, as 24 horas do día. O seu obxecto é proporcionar axuda aos nenos necesitados de coidados e protección, aos cales se subministrarán servizos e recursos tendentes a satisfacer as súas necesidades. Serve tamén para que os nenos poidan expresar libremente as súas preocupacións, falar sobre problemas que os afecten directamente e avisar alguén que poida proporcionarlles axuda en caso de urxencia. Está atendido por profesionais que prestan o asesoramento axeitado e notifican inmediatamente a situación aos servizos que corresponda. Desde o 2012 funciona co número único europeo 116111.

Táboa nº 7.1 Liña de axuda á infancia. Número de chamadas por tipoloxía da demanda. Galicia e provincias. Ano 2022

Tipoloxía do motivo da chamada por provincias

Liña de axuda á infancia. Nº de chamadas por tipoloxía da demanda. Galicia e provincias. Ano 2022								
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	R.E. ¹	S/C ²	Totais
Comunicación/sospeita de maltrato	82	15	27	75	199	0	1	200
Problemas de conduta	6	2	2	7	17	0	10	27
Internamento	39	14	10	24	87	6	3	96
Problemas escolares	4	1	0	2	7	0	6	13
Problemas xudiciais	13	0	5	8	26	0	17	43
Dificultade na estrutura ou dinámica familiar	15	7	6	19	47	0	19	66
Adicións	1	0	0	1	2	0	0	2
Embarazo	0	0	0	0	0	0	1	1
Dificultade nas relacións	7	1	1	3	12	0	12	24
Asesoramento	87	13	13	89	202	2	138	342
Información	83	19	33	70	205	7	149	361
Outras	22	14	6	28	70	4	325	399
Coordinación	4	0	0	4	8	0	6	14
Total chamadas	363	86	103	330	882	19	687	1.588

¹ R.E. Resto de España

² S/C Sen clasificar

Táboa nº 7.2 Liña de axuda á infancia. Nº de chamadas de comunicación de sospeita de maltrato, segundo a gravidade. Galicia e provincias. Ano 2022

Liña de axuda á infancia. Chamadas de comunicación de sospeita de maltrato, segundo a gravidade. Galicia e provincias. Ano 2022								
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	R.E. ¹	S/C ²	Totais
Grave	16	1	1	17	35	0	0	35
Moderado	32	5	13	30	80	0	1	81
Leve	14	6	12	15	47	0	0	47
Total chamadas	62	12	26	62	162	0	1	163

Táboa nº 7.3 Liña de axuda á infancia. Número de chamadas segundo o tipo de intervención requirido. Galicia e provincias. Ano 2022

Liña de axuda á infancia. Nº de chamadas segundo o tipo de intervención requirido. Galicia e provincias. Ano 2022								
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	R.E. ¹	S/C ²	Totais
Atención directa	239	55	65	227	586	13	683	1.282
Derivación Serviz. Sociais	0	0	0	0	0	0	0	0
Derivación GOF	0		0	0	0	0	0	0
Derivación CPF	0	0	0	0	0	0	0	0
Derivación ETM	124	31	38	103	296	6	4	306
Derivación. Outros	0	0	0	0	0	0	0	0
Total chamadas	363	86	103	330	882	19	687	1.588

¹ R.E. Resto de España

² S/C Sen clasificar


Táboa nº 7.4 Liña de axuda á infancia. Número de chamadas segundo a tipoloxía do interlocutor. Galicia e provincias. Ano 2022

Liña de axuda á infancia. Nº de chamadas segundo a tipoloxía do interlocutor. Galicia e provincias. Ano 2022 ³								
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	R.E.	S/C	Totais
Menor	21	2	7	19	49	1	80	130
Pai/nai/titor/a	83	18	16	82	199	4	135	338
Outro familiar	33	3	7	37	80	3	50	133
Veciño/coñecido	31	6	7	15	59	0	29	88
Profesional	141	24	38	108	311	0	43	354
Anónimo	2	0	0	1	3	1	222	226
Outro	19	4	3	20	46	3	270	319
Total chamadas	330	57	78	282	747	12	829	1.588

³ Neste cadro a distribución xeográfica refírese á orixe da chamada, non ao lugar de residencia do/a menor

Táboa nº 7.5 Liña de axuda á infancia. Número de chamadas segundo a idade e sexo da/do menor ao que se refire a chamada. Ano 2022

Liña de axuda á infancia. Nº de chamadas segundo a idade e sexo da/do menor ao que se refire a chamada. Ano 2022				
	Homes	Mulleres	Sen clasificar	Total
0-4 anos	46	58	16	120
5-10 anos	93	74	16	183
11-15 anos	158	162	17	337
16-18 anos	105	105	13	223
>=18 anos	5	1	0	6
Sen clasificar	120	103	496	719
Total chamadas	527	503	558	1.588



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE